



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O **Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)**, dependente do Ministerio de Economía e Competitividade, dispón dun **instrumento de apoio a proxectos de I+D+i en colaboración internacional**. Esta liña está dirixida a proxectos internacionais de I+D+i, tanto de carácter multilateral (como Eureka ou Iberoeka), bilateral e proxectos internacionais con certificación e seguimento unilateral por CDTI, liderados por empresas.

O obxectivo deste instrumento é **reforzar as capacidades tecnolóxicas das empresas españolas; ampliar o impacto dos seus produtos, procesos e servizos nos mercados globais; así como beneficiarse do valor engadido da innovación feita en clave internacional**.

A modalidade de axuda será parcialmente reembolsable, cunha cobertura financeira de até o 75% do orzamento total aprobado, podendo excepcionalmente acadar o 85% cun tramo reembolsable e outro non reembolsable (de até o 30%).

Co obxectivo de dar a coñecer esta oportunidade de financiamento ás empresas galegas que queiran participar en proxectos tecnolóxicos a nivel internacional, CDTI e a Axencia Galega de Innovación están a organizar unha **xornada** para o vindeiro **10 de outubro** na sede de GAIN en Santiago de Compostela baixo o título **“Instrumentos de apoio para a cooperación tecnolóxica internacional”**. Aquelas persoas que o desexen poderán manter unha **reunión bilateral** cun representante de CDTI para revisar a súa proposta, previa solicitude a través do **formulario de inscrición**. Podes consultar o programa da xornada, así como inscribirte nela, na seguinte **ligazón**.

Así mesmo, podes informarte sobre as convocatorias de cooperación

tecnolóxica internacional que están actualmente abertas así como afondar no instrumento de apoio de CDTI no seguinte [endereço web](#).

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.